

**RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras para a concesión das axudas IA360 orientadas a potenciar a innovación empresarial a través do desenvolvemento experimental e a aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e a súa cadea de valor, vencellado aos sectores estratéxicos ou de especial relevancia para a Xunta de Galicia, e se convocan para os anos 2026 e 2027 en réxime de concorrencia competitiva. Instituto Galego de Promoción Económica (DOG Nº 10, 16/01/2026)**

## Obxecto

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a pemes e grandes empresas galegas ou cun centro de traballo permanente e legalmente constituído en Galicia, no cal se desenvolvan as actividades do proxecto, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento experimental e a capacidade innovadora das pemes, mediante o uso da intelixencia artificial e a súa implantación no tecido produtivo ou industrial e nas súas cadeas de valor.

Estas axudas tramitaranse polo réxime de **concorrencia competitiva**.

O código de procedemento é **IG408M**

## Persoas beneficiarias

- Pemes e grandes empresas ou cun centro de traballo en Galicia.

## Características das liñas

Estas axudas céntranse en dúas liñas:

- A)** Desenvolvemento de tecnoloxía baseada en IA para a mellora de procesos industriais e a comercialización de novos produtos ou servizos con foco nos sectores incentivables.
- B)** Proxectos de aplicación de solución comerciais baeadas en Intelixencia Artificial que permitan mellorar a produtividade e a competitividade das empresas de Galicia.

**Liña A: Desenvolvemento de tecnoloxía baseada en IA para a mellora de procesos industriais e a comercialización de novos produtos ou servizos con foco nos sectores incentivables.**

## Custos subvencionables

Custos directos:

- Custos de persoal: limitado ao 80% do orzamento subvencionable
- Custos de materiais, licenzas/*software* por subscripción, subministracións e produtos similares.
- Custos de equipamento e material instrumental inventariables, de nova adquisición: o subvencionable é a amortización dentro do período subvencionable.
- Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais.
- Adquisición de patentes
- Custos de consultoría e servizos tecnolóxicos externos.
- Os custos derivados do informe de auditoría para a xustificación económica da subvención: límite 1.500 € por anualidade.
- Subcontratacións: límite do 50% dos custos directos elegibles do proxecto.

Custos indirectos: ata o 20% dos custos directos

O orzamento mínimo do proxecto para a liña A será de 150.000 €

## Liña B : Proxectos de aplicación de solucións comerciais baseadas en Intelixencia Artificial que permitan mellorar a produtividade e competitividade das empresas de Galicia

### Custos subvencionables

Custos directos:

- Custos de persoal: limitado ao 30% do orzamento subvencionable
- Os custos de instrumental e material na medida e durante o período en que se utilicen para o proxecto.
- Custos de consultoría e servizos tecnolóxicos externos.
- Os custos derivados do informe de auditoría para a xustificación económica da subvención: límite 1.500 € por anualidade.
- Os gastos xerais e outros gastos de explotación adicionais que deriven directamente do proxecto
- Subcontratacións: límite do 50% dos custos directos elegibles do proxecto.

O orzamento mínimo do proxecto para a liña A será de 30.000 €

### Criterios de valoración

Os criterios de valoración do proxecto recollerán os seguintes aspectos:

- Grado de innovación e calidade do proxecto.
- Impacto tecnolóxico do proxecto
- Adecuación do proxecto
- Capacidade da empresa solicitante para a execución do proxecto.
- Resultados esperados, métricas de éxito e contribución medioambiental.

### Contía das axudas

No caso da modalidade A: Desenvolvemento tecnolóxico

- Pequenas empresas: 45%
- Medianas empresas: 35%
- Grandes empresas: 25%

Estas axudas poderán incrementarse nun 15% por compromiso de publicidade e divulgación.  
A axuda máxima para a liña A é de 500.000 €.

No caso da modalidade B: Innovación

- Pemes: 50%

A axuda máxima para a liña B é de 100.000 €

### Prazo de execución

Para a liña A: o prazo máximo de execución remata o 15 de setembro de 2027.

Para a liña B: o prazo máximo de execución remata o 30 de setembro de 2026.

### Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto dende o **17 de xaneiro ata o 17 de marzo de 2026**.